



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



asociación de escritores
en lingua galega

Colabora:



III ENCONTRO CIDADE DA CORUÑA

LITERATURA E VIAXE

Salón de actos da Real Academia Galega

19 DE ABRIL

JUAN GELMAN BAIXO CHUVIA ALLEA

28 DE ABRIL

MIGUEL ANXO MURADO INVENTAR UN LUGAR EN VEZ DUNHA HISTORIA

05 DE MAIO

HÉLIA CORREIA A POEIRA FALANTE

11 DE MAIO

ALBERTO MANGUEL O CAMIÑO DA LECTURA


19 DE MAIO

XABIER P. DOCAMPO VIAJES IMAGINARIAS

**19
DE ABRIL**

**JUAN GELMAN
BAIXO CHUVIA ALLEA**

Poeta arxentino, de ascendencia familiar ucraína e xudía, a súa obra lírica flúe intensamente desde a segunda metade do século XX, sendo recoñecido en 1997 co Premio Nacional de Poesía e en 2007 co Premio Cervantes de Literatura. Obrigado a un exilio de doce anos que o levou a vivir finalmente en México, a súa poesía, *memoria da sombra da memoria*, reproduce as consecuencias de extrema dureza biográfica experimentadas apóis o golpe de estado e posterior ditadura militar de 1976 na Arxentina.



28
DE ABRIL

MIGUEL ANXO MURADO
INVENTAR UN LUGAR EN
VEZ DUNHA HISTORIA

Autor galego dunha prolífica obra narrativa, poética, ensaística e dramática, Miguel Anxo Murado cubriu como xornalista as guerras de Croacia e Bosnia e mais a Segunda Intifada Palestina. Durante as súas estadias en Oriente Medio traballou como oficial de prensa das Nacións Unidas asistindo ao goberno palestino e, máis tarde, como correspondente en Xerusalén do diario *El Mundo*, xermolo dos volumes *Fin de século en Palestina*, *A segunda Intifada* ou *Ruído. Relatos de guerra*.

05
DE MAIO

HÉLIA CORREIA
A POEIRA FALANTE

Escritora lisboeta recoñecida como unha das rebelacións da novelística portuguesa da xeración dos anos 80 e 90, malia a súa obra narrativa estar sempre impregnada de discurso poético. Profesora de ensino secundario, participa en innumerábeis proxectos formativos relacionados coas novas xeracións, a escrita dramática e, fundamentalmente, a tradución ocupan tamén a súa atención, se ben *a minha escrita não funciona a pedido, nasce da espera e sei que há-de surgir*.





**11
DE MAIO**

**ALBERTO MANGUEL
O CAMIÑO DA LECTURA**

Escritor, tradutor e editor arxentino, coautor do *Diccionario de lugares imaginarios*, un catálogo de terras de fantasía, illas, cidades e outros lugares que só existen na literatura, ten reflexionado por escrito sobre a importancia do lector e o seu propio acto de ler, desde a perspectiva de este se converter en destino e orixe de toda creación literaria, ao tempo que acredita en que ler non será só no futuro un acto de rebeldía, senón un acto de supervivencia.

**19
DE MAIO**

**XABIER P. DOCAMPO
VIAXES IMAXINARIAS**

Escritor chairego, autor dunha prolífica obra narrativa pensada para o lectorado máis novo, galardoado con múltiples premios e recoñecementos literarios nacionais e internacionais, como o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1995 por *Cando petan na porta pola noite*. Na súa recente publicación *O libro das viaxes imaxinarias* descubriunos que todas as viaxes son un regreso. *Calquera viaxeiro retorna á casa desde o momento mesmo en que puxo o pé fóra dela.*